

Xoves, 24 de setembro de 2020

Núm. 185

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**RODEIRO**

**Convocatorias Xuíz de Paz**

*ELECCIÓN DE CANDIDATOS/AS AO CARGO DE XUÍZ DE PAZ TITULAR*

Para dar cumprimento ao establecido no artigo 101 da Lei Orgánica do Poder Xudicial e no artigo 5 do Regulamento 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, faise saber a todos/as os/as veciños/as deste Concello que, dentro do prazo neles establecido, procederáse polo Pleno deste Concello á elección dunha persoa para ocupar o cargo de:

*XUÍZ/A DE PAZ TITULAR*

Os/as interesados/as neste nomeamento deberán presentar na Secretaría do Concello a correspondente solicitude por escrito, no prazo de trinta días naturais, á que deberán achegar os seguintes documentos:

- a) Certificación literal de nacemento.
- b) Certificado de antecedentes penais.
- c) Declaración xurada de non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade para poder optar ao cargo.
- d) Curriculum vitae.

Quen o solicite será informado neste Concello das condicións precisas para poder ostentar dito cargo e das causas de incapacidade e incompatibilidade que impiden desempeñar o mesmo.

Rodeiro, 21 de setembro de 2020

O alcalde

(sinatura dixital)

Luís López Diéguez

